

8:45 → 9:00

ENTREGA DE ACREDITACIÓN

9:00 → 9:15 INAUGURACIÓN

A CONFIDENCIALIDADE, DESDE A Bioética, É MÁIS QUE UNHA OBRIGA E UN DEREITO NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

A confidencialidade, desde a obriga que unha obriga e un dereito

9:15 → 9:30
PRESENTACIÓN

SÍNTESE →
dunha org
estratéxic
A obriga d
usuarias d
plenamen
profesiona
daqueles

9:30 → 10:45
CONFERENCIA

Para que serve a confidencialidade

SÍNTESE → Sen confide
peor: sen ela a nosa so
No ámbito asistencial, c
un respecto non só prof
Cómpre, pois, protexerm
do título: espallar no Si
confidencialidade e a ca

A confidencialidade:
compromiso asistencial

A confidencialidade:
confluencia ético-xurídica

A confidencialidade:
beneficio social

11:15 → 13:00
MESA REDONDA

O contínuum da confidencialidade

SÍNTESE
inexist
valores
os paci

15:30 → 16:30
PRESENTACIÓN

Intimidade e confidencialidade: obriga

SÍNTESE → O der
nunha atención
da capacidade au
a decidir qué info
e confidencialida
propias que as de
O interese e com
Sistema Público

CASO 1
Confidencialidade
en atención primaria

CASO 2
Confidencialidade
en saúde mental

CASO 3
Confidencialidade
da documentación clínica

17:00 → 18:45
MESA REDONDA

A confidencialidade na

18:45 → 19:30 SÍNTESE E CLAUSURA

XUNTA DE GALICIA

MODO DE UTILIZACIÓN

Un click nos gráficos de páxina enlaza co índice



INDICE. Un click nos capítulos enlaza coa páxina correspondente

ANTEPORTADA DE CAPÍTULO. Un click nos títulos enlaza co capítulo correspondente

A CONFIDENCIALIDADE, DESDE A Bio+ética, É MÁIS QUE UNHA OBRIGA E UN DEREITO NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

9:00 → 9:15 INAUGURACIÓN
PRESENTACIÓN PÁX 7 → 7

9:15 → 9:30 A confidencialidade, desde a bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia
PRESENTACIÓN PÁX 9 → 15

9:30 → 10:45 Para que serve a confidencialidade?
CONFERENCIA PÁX 17 → 47

11:15 → 13:00 O continuum da confidencialidade
MESA REDONDA PÁX 49 → 87

PÁX 55 → 63

A confidencialidade: **compromiso asistencial**

PÁX 65 → 76

A confidencialidade: **confluencia ético-xurídica**

PÁX 79 → 87

A confidencialidade: **beneficio social**

15:30 → 16:30 Intimidade e confidencialidade: obriga legal e compromiso ético. Documento estratéxico
PRESENTACIÓN PÁX 89 → 111

17:00 → 18:45 A confidencialidade na práctica: aprendendo cos comités de ética asistencial
MESA REDONDA PÁX 113 → 127

PÁX 117 → 117

CASO 1
Confidencialidade en atención primaria

PÁX 119 → 121

CASO 2
Confidencialidade en saúde mental

PÁX 123 → 127

CASO 3
Confidencialidade da documentación clínica

18:45 → 19:30 SÍNTESI E CLAUSURA
SÍNTESI E CLAUSURA PÁX 129 → 153

9:00 → 9:15 INAUGURACIÓN
PRESENTACIÓN

9:15 → 9:30 A confidencialidade, desde a bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia
PRESENTACIÓN

9:30 → 10:45 Para que serve a confidencialidade?
CONFERENCIA

11:15 → 13:00 O continuum da confidencialidade
MESA REDONDA

15:30 → 16:30 Intimidade e confidencialidade: obriga legal e compromiso ético. Documento estratéxico
PRESENTACIÓN

17:00 → 18:45 A confidencialidade na práctica: aprendendo cos comités de ética asistencial
MESA REDONDA

18:45 → 19:30 SÍNTESI E CLAUSURA
SÍNTESI E CLAUSURA

A CONFIDENCIALIDADE, DESDE A BIOÉTICA,
É MÁIS QUE UNHA OBRIGA E UN DEREITO
NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde
Santiago de Compostela
2013

COMISIÓN GALEGA DE BIOÉTICA

O presente documento foi aprobado pola Comisión Galega de Bioética, na sesión realizada o 18 de outubro de 2013, e formaban parte dela os seguintes membros:

Presidente

Félix Rubial Bernárdez

Vicepresidente

Juan Antonio Garrido Sanjuán

Secretaria

Teresa Conde Cid

Vogais

Begoña Aldamiz-Echevarria Iraurgi

José Ramón Amor Pan

M.^a Concepción Almanza Madera

Francisco Javier Barón Duarte

Rosendo Bugarín González

Natalia Cal Purriños

Fernando Domínguez Puente

Miguel Anxo García Álvarez

Mariana García García

María Victoria Lojo Vicente

Ángel Alfredo Martínez Ques

Elena Monteoliva Díaz

María Ponte García

Antonio Rodríguez Núñez

Mónica Suárez Berea

Edita_Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade

Servizo Galego de Saúde: Comisión Galega de Bioética

Lugar_Santiago de Compostela

Ano_2013

Deseño e maquetación_KRISOLA DESEÑO, S.L.

A CONFIDENCIALIDADE, DESDE A Bioética, É MÁIS QUE UNHA OBRIGA E UN DEREITO NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

9:00 → 9:15

PRESENTACIÓN

INAUGURACIÓN

PÁX 7 → 7

9:15 → 9:30

PRESENTACIÓN

A confidencialidade, desde a bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia

PÁX 9 → 15

9:30 → 10:45

CONFERENCIA

Para que serve a confidencialidade?

PÁX 17 → 47

11:15 → 13:00

MESA REDONDA

O continuum da confidencialidade

PÁX 49 → 87

PÁX 55 → 63

A confidencialidade:
compromiso asistencial

PÁX 65 → 76

A confidencialidade:
confluencia ético-xurídica

PÁX 79 → 87

A confidencialidade:
beneficio social

15:30 → 16:30

PRESENTACIÓN

Intimidade e confidencialidade: obriga legal e compromiso ético.
Documento estratéxico

PÁX 89 → 111

17:00 → 18:45

MESA REDONDA

**A confidencialidade na práctica:
aprendendo cos comités de ética asistencial**

PÁX 113 → 127

PÁX 117 → 117

CASO 1
Confidencialidade
en atención primaria

PÁX 119 → 121

CASO 2
Confidencialidade
en saúde mental

PÁX 123 → 127

CASO 3
Confidencialidade
da documentación clínica

18:45 → 19:30

SÍNTESE E CLAUSURA

SÍNTESE E CLAUSURA

PÁX 129 → 153

Bioética



A confidencialidade, desde a bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia

▶ **9:15** → 9:30

PRESENTACIÓN

▶ **9:30** → 10:45

Para que serve a confidencialidade?

CONFERENCIA

▶ **11:15** → 13:00

O contínuum da confidencialidade

MESA REDONDA

▶ **15:30** → 16:30

Intimidade e confidencialidade:
obriga legal e compromiso ético.
Documento estratéxico

PRESENTACIÓN

▶ **17:00** → 18:45

A confidencialidade na práctica:
aprendendo cos comités de ética asistencial

MESA REDONDA

▶ **18:45** → 19:30

SÍNTESE E CLAUSURA

SÍNTESE E CLAUSURA

9:00 → 9:15

INAUGURACIÓN

PRESENTACIÓN ▼

RELATORA → Rocio Mosquera Álvarez
Conseleira de Sanidade

Bio+
ética

▲
▼
A CONFIDENCIALIDADE, DESDE A BIOÉTICA, É MÁIS QUE UNHA OBRIGA E UN DEREITO NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

Atendémolo/a | Accesibilidade | Mapa do portal | Suxestións e queixas | Portais A..Z | Gallego | Castellano



Goberno e Institucións | Temas | Colectivos | eServizos | Buscar

Sala de comunicación | Actualidade | Notas de prensa

Sala de comunicación

- Actualidade
- Notas de prensa
- Hemeroteca
- Actualidade en imaxes
- Actualidade en vídeos
- Actualidade en sons

- Videoteca
- Plans e actuacións
- Consellos de Goberno
- Conferencias e discursos do presidente

A conselleira de Sanidade destaca que é tarefa de todos situar a bioética como un dos piares da Sanidade pública

» Rocio Mosquera afirma que a concepción do sistema público sanitario debe ser unha organización centrada na persoa, na atención das súas necesidades e no respecto dos seus dereitos fundamentais

Escoitar

« Volver

Santiago, 24 de outubro de 2013. - A conselleira de Sanidade, Rocio Mosquera Álvarez, salientou que "é preciso acadar certo grado de implicación, de compromiso das persoas que integran a organización sanitaria: directivos, profesionais e pacientes e usuarios, na construción desta ética colectiva para avanzar no camiño da excelencia, situando a bioética como un dos seus piares".

Neste senso, concretou que "a excelencia da atención sanitaria pasa porque protexamos a confidencialidade e a intimidade das persoas durante a súa asistencia sanitaria coma se de nós mesmos se tratase" e engadiu que "o cambio necesario debe vincularse á concepción do sistema público sanitario como unha organización centrada na persoa que lle dá prioridade á atención das súas necesidades e ao respecto dos seus dereitos fundamentais, non existe unha auténtica calidade asistencial sen a axeitada protección destes".

Así o destacou nunhas xornadas celebradas esta mañá e organizadas pola Comisión Galega de Bioética baixo o título: 'A confidencialidade desde a Bioética' é, máis que unha obriga (dos profesionais), un dereito (dos pacientes) no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Rocio Mosquera reiterou de novo a aposta decidida e o firme compromiso da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde pola bioética como un instrumento de calidade para a atención sanitaria. Para Mosquera Álvarez "o noso reto debe ser achegarnos á excelencia da atención sanitaria a través da reflexión e do coidado dos valores".

Para o ano 2013, a Comisión Galega de Bioética, considerou necesario promover a reflexión sobre a intimidade e a confidencialidade, pola súa especial relevancia no ámbito sanitario e polas súas implicacións éticas, xurídicas e profesionais, e elaborar un documento dirixido a toda a Organización sanitaria, e tamén á cidadanía galega.

A conselleira de Sanidade fixo un recoñecemento especial á Comisión "polo seu empeño en contribuír a que os aspectos éticos vaian impregnando a cultura da nosa organización". Neste senso, engadiu que "agardamos da Comisión Galega de Bioética que siga a traballar no camiño emprendido e que, como órgano asesor da Consellería, canalice e oriente a procura da incorporación ao ámbito sanitario, dos valores dos integrantes, dos distintos actores que conforman e definen o noso lugar na sociedade actual".

Tema: Sanidade

Departamento: C. de Sanidade

Compártao:      

Subir



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

XUNTA DE GALICIA

© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na Internet pola Xunta de Galicia
Oficina de Rexistro e Información | Suxestións e queixas | Aviso legal | Atendémolo/a

Pode subscribirse ás novidades desta web con lector de feeds

Bio



9:00 → 9:15 INAUGURACIÓN
PRESENTACIÓN

A confidencialidade é máis ▶

9:30 → 10:45 Para que serve a confidencialidade?
CONFERENCIA

11:15 → 13:00 O contínuum da confidencialidade
MESA REDONDA

15:30 → 16:30 Intimidade e confidencialidade:
obriga legal e compromiso ético.
Documento estratéxico
PRESENTACIÓN

17:00 → 18:45 A confidencialidade na práctica:
aprendendo cos comités de ética asistencial
MESA REDONDA

18:45 → 19:30 SÍNTESE E CLAUSURA
SÍNTESE E CLAUSURA

ética

A confidencialidade, desde a bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia

9:15 → 9:30

PRESENTACIÓN ▼

RELATOR → Félix Rubial Bernárdez
Presidente da Comisión Galega de Bioética.

Aínda que en moitas ocasións sucumbimos á tentación de centrarnos no urxente e relegar o importante, cómpre sempre dispoñer de tempo e de espazo para deixar a un lado o inmediato e reflexionar sobre o intemporal e igualmente transcendente.

E este é o caso que nos ocupa.

A confidencialidade no ámbito da saúde foi, é e seguirá a ser, un elemento inherente á práctica profesional dos sanitarios.

Bio+ ética



Cinco séculos antes de Cristo, Hipócrates xa fixo fincapé no seu código sobre este particular que recolleu literalmente como segue: *“todo o que vexa e escoite no exercicio da miña profesión, e todo o que puidese chegar a saber acerca da vida de alguén, se é cousa que non debe ser divulgada, calareina e gardareina con segredo inviolable”*.

Coa paulatina orientación dos sistemas sanitarios cara á cidadanía, centrando os modelos de saúde nas persoas, afloran como guías de actuación sistémica os dereitos individuais; o primeiro e máis importante dos cales é, sen dúbida, o relativo á protección da saúde e á atención sanitaria. Non obstante, estes dereitos non constitúen elementos inconexos e desvinculados doutros igualmente importantes. É así polo que a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, garante que os anteditos dereitos—de protección e atención—se realicen con pleno respecto á personalidade, dignidade e intimidade das persoas, sen ningunha discriminación por razóns de raza, sexo, relixión, opinión, idioma, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

No eido sanitario, o denominado segredo profesional é un deber asumido e compartido por todos, está recollido na totalidade de códigos deontolóxicos das profesións sanitarias, e inclúe todo aquilo que o paciente lle puidese confiar ao persoal sanitario, e tamén todo aquilo que este puidese coñecer amparado na súa condición de confidente necesario.

A consolidación da historia clínica electrónica como elemento de soporte da práctica asistencial, introduce paralelamente, por unha banda, novos mecanismos de seguridade no acceso á información, e por outra, unha maior facilidade de acceso a esta e posterior divulgación para calquera persoa legalmente autorizada, o que supón de seu un dos seus valores principais, pero tamén unha das súas maiores ameazas.

ética

A realidade actual fixo coincidir dúas circunstancias de grande importancia. Por unha banda, a crecente sensibilidade social en cuestións relacionadas co respecto á intimidade e á privacidade das persoas, e por outra a fenda das barreiras de protección destes dereitos producida pola irrupción das tecnoloxías que facilitan o acceso a todo tipo de información pero que tamén permiten a intromisión na intimidade das persoas.

Mais non é menos certo que, paralelamente, asistimos a un intenso e paradoxal idilio entre tecnoloxía e intimidade, no que a primeira é utilizada por moitos para facer gala dun exhibicionismo explícito e voluntario de elementos que permanecerían no ámbito da súa privacidade, e cos que están dispostos incluso a comerciar. Estas son contradicións da era que nos tocou vivir, aínda que tamén motivos para outra discusión.

Deixando esta digresión a un lado volvamos ao terreo dos dereitos, e ao ponderar na súa xusta medida o dereito do cidadán á intimidade temos que ser, así mesmo, conscientes de que, fronte a este, emerxe a obriga profesional da confidencialidade, cal anverso e reverso da mesma moeda. E ao ser esta unha ligazón incuestionable, pode desprenderse a importancia que a protección da confidencialidade cobra como un dos principios reitores do labor dos profesionais da saúde e como ben fundamental. Sen confidencialidade non hai privacidade, e sen esta pérdese o control sobre a propia vida.

Non obstante, tampouco debemos entender o respecto á confidencialidade como un deber absoluto. Existen circunstancias —certamente excepcionais pero ao mesmo tempo moi sensibles— como a posibilidade de lles evitar un dano grave a terceiras persoas concretas cando non existe outro modo de evitar ese dano, que constitúen a xustificación ética para poder revelar información confidencial.

ética

As bases morais nas que se sustenta o deber de confidencialidade dos profesionais teñen o seu fundamento no respecto á autonomía das persoas, aínda que este non pode ser exclusivo xa que excluíría a aqueles que sofren limitacións ou carecen dela.

Ao noso xuízo, e coincidindo con Altisent, é imprescindible complementar esta fundamentación noutro valor complementario que non é outro que a lealdade; lealdade pola que se agarda que os profesionais, especialmente os sanitarios, fagan uso da información só para a finalidade para a que foi recollida.

Son moitos, non obstante, os elementos e circunstancias que entorpecen e dificultan o respecto pleno e o cumprimento escrupuloso do deber ético e da obriga legal de preservar a confidencialidade.

Todo bo observador da realidade sanitaria práctica, sexa cal sexa a súa atalaia e o seu punto de vista, pode percibir o que os membros dos comités de ética asistencial puxeron de manifesto a través da súa análise: a sistemática e en moitos casos inconsciente vulneración do dereito á intimidade das persoas e o incumprimento do deber e obriga de confidencialidade.

Causas derivadas da propia estrutura física e das instalacións dos centros sanitarios, falta de sensibilización por parte dalgúns profesionais, ou a propia cultura da organización (ancorada aínda en certo paternalismo que minimiza o principio de autonomía) etc., compoñen unha amálgama de circunstancias que impiden o avance.

Conscientes desta circunstancia e asumindo o liderado institucional no que ten que pivotar calquera tipo de modificación de calado que lle afecte á cultura e á praxe de toda a organización no seu conxunto, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, promoveron esta liña de traballo da Comisión Galega de Bioética, coa finalidade inicial de poñer de relevo a situación, analizar as causas e poñer encima da mesa posibles solucións que poidan reconducir a situación.



Como en calquera proceso diagnóstico nunha patoloxía, sen dúbida ningunha multicausal, o esforzo foi intenso, e as conclusións, sobre as que se baseará o tratamento, van dirixidas a unha estratexia multiterapéutica. A elaboración do documento estratéxico que baixo o título *“Intimidade e confidencialidade: obriga legal e compromiso ético”* non é máis que o primeiro chanzo terapéutico. O segundo, esta Xornada Galega de Bioética, que ademais de converterse no selecto foro no que presentar o documento, deberá erixirse en correa de transmisión activa xa non só na posta en marcha das recomendacións que recolle, senón tamén na difusión e ata na esixencia do seu cumprimento nos distintos niveis implicados e comprometidos.

O terceiro chanzo será a publicación e a difusión do documento a todos os profesionais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, e tamén, como non, a toda a cidadanía de Galicia a través da súa publicación na páxina web corporativa.

A difusión deste tipo de informes de xeito aberto aos cidadáns, ademais de ser un acto innegable de transparencia, achega credibilidade institucional, xa que presenta sen disimulo unha realidade que por moito que nos desguste é a que temos, e da que pacientes e usuarios son sabedores. Recoñecer os erros é o primeiro paso para corríxilos, e expoñelos publicamente un acto de lealdade coa sociedade. Só así, dende o recoñecemento dos problemas, dende a toma de consciencia dunha realidade distinta á legalmente esixible e eticamente aceptable, lograremos afrontalos. Cada quen no seu ámbito de competencia; os planificadores, xestores e directivos, os profesionais sanitarios, os profesionais non sanitarios, os usuarios e pacientes, todos nós na nosa condición de cidadáns, temos a obriga e a responsabilidade de actuar.





Máis alá do que constitúe un deber legal e unha obriga moral, o respecto ao dereito á intimidade das persoas e o deber de confidencialidade deben de converterse nun dos valores colectivos e institucionais, para incorporarse ao ADN profesional de todos os que formamos parte da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, e presidir todas e cada unha das nosas actuacións individuais. Só así lle daremos resposta real e efectiva ao que a sociedade nos demanda. Só así faremos que todas e cada unha das nosas actividades estean realmente centradas nas persoas.

Bio



▶ **9:00** → 9:15 INAUGURACIÓN

PRESENTACIÓN

A confidencialidade, desde a bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia

▶ **9:15** → 9:30

PRESENTACIÓN

▶ *Para que serve*

▶ **11:15** → 13:00 O contínuum da confidencialidade

MESA REDONDA

Intimidade e confidencialidade:
obriga legal e compromiso ético.
Documento estratéxico

▶ **15:30** → 16:30

PRESENTACIÓN

▶ **17:00** → 18:45 A confidencialidade na práctica:
aprendendo cos comités de ética asistencial

MESA REDONDA

▶ **18:45** → 19:30 SÍNTESE E CLAUSURA

SÍNTESE E CLAUSURA

ética



9:30 → 10:45

CONFERENCIA

Para que serve a confidencialidade?

RELATOR → José Antonio Seoane

Profesor titular de Filosofía do Dereito Universidade da Coruña.

Membro do Comité de Ética Asistencial Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

A Rosalía Mera, *in memoriam*, e á Fundación Paideia Galiza,
pola súa achega á bioética galega

Limiar

O principio de confidencialidade descrito nos códigos de ética médica non existe máis. Neste sentido, é un concepto decrépito. No canto de perpetuar o mito da confidencialidade e empregar en van as nosas enerxías en preservalo, a sociedade e a profesión médica deberían dedicarse a determinar que aspectos do principio da confidencialidade orixinal paga a pena conservar (Siegler, 1982).

Esta resoante afirmación aínda nos fai matinar. Dunha banda, acerta: certas interpretacións da confidencialidade perpetúan comportamentos ética, clínica e xuridicamente rexeitables que contribúen a considerala algo decrépito ou, propiamente, incómodo. Doutra banda, erra: a confidencialidade pertence á cerna das relacións humanas e sintetiza os atributos esenciais da relación clínica:

Bio+ ética



confianza, beneficencia, autonomía, responsabilidade, calidade. Mais tamén, en terceiro lugar, advirte e aconsella: na actualidade acentúanse o desinterese e os perigos para a confidencialidade, e mesmo mudan as nosas actitudes cara a ela. Polo tanto, se estimamos que a confidencialidade é valiosa debemos identificar os seus trazos contemporáneos para comprendela e conservalas.

A reflexión bioética achega vieiros de solución, xa que boa parte da falta de coidado e as negligencias na protección da confidencialidade sanitaria está relacionada co descoñecemento do seu significado e alcance; isto é, do transcendental papel que xoga na configuración da nosa identidade e das nosas relacións, tanto de xeito global como no seo da relación clínica.

O interrogante que encabeza estas páxinas apunta ao significado e ao valor da confidencialidade, e non tanto á súa utilidade. Non abonda, entón, responderlo desde unha perspectiva utilitaria ou pragmática, polo seu reduccionismo. En troques, cómpre abordalo desde unha perspectiva finalista ou teleolóxica, que identifique a finalidade e razón de ser da confidencialidade. Nun primeiro punto percorrerei a historia da confidencialidade e a súa familia conceptual (intimidade, privacidade, autonomía, identidade etc.) para coñecer a evolución do seu significado e o seu valor no ámbito social e no ámbito asistencial. Volverei ao pasado para interpretar o presente desde as distintas etapas da incorporación da intimidade, a autonomía e a confidencialidade á vida humana. Nun segundo punto completarei esta perspectiva e tentarei comprender o presente desde un futuro previsible ou probable e fareime cargo de novas circunstancias e actitudes que poden transformar a confidencialidade. Ao remate desta andaina, no terceiro punto, poderei finalmente contestar a pregunta do título: para que serve a confidencialidade?

Como os detalles serán expostos a feito nos restantes relatorios da xornada correspóndeme deseñar un marco que abre a resposta a un interrogante máis radical: que tipo de ser humano queremos ser? A resposta antropolóxica virá

ética

acompañada de respostas políticas e éticas: que tipo de sociedade e que condicións consideramos necesarias para vivir ben. En concreto, se a confidencialidade forma parte do noso mínimo común ético e onde nos conduciría unha sociedade de bárbaros ou idiotas (no sentido do grego *idiótes*, individuo preocupado só polo seu, polo privado, polo particular) que a deturpe no contexto social e asistencial.

I

A conquista da confidencialidade

Feito, valor, deber, dereito

A garantía dunha esfera reservada do coñecemento dos demais, tanto espacial ou física como espiritual, é unha constante nas distintas culturas. Máis aínda, outras especies animais, e non exclusivamente os seres humanos, arelan un espazo propio dentro do grupo lonxe dos outros (Westin 1970, 7-21). Xa que logo, pódese afirmar que a confidencialidade é tanto un feito como un valor, algo apreciado polos individuos e polas comunidades.

Desde sempre o privado foi contraposto ao público, ao aberto, á comunidade popular (Duby 1987, 10). Porén, os conceptos de intimidade, privacidade e confidencialidade teñen unha historia máis recente, que comeza a finais da Idade Media, onde os individuos viven nunha rede de solidariedades colectivas, feudais e comunitarias na que o privado e o público se confunden (Duby 1988a; Duby 1988b), e chega ao século XIX, onde a sociedade aparece como unha vasta poboación anónima na que o individuo quere protexerse dos demais ao abeiro da familia e exercer a súa liberdade de elección (Ariès 1989; Chartier 1989). A partir de entón resulta indiscutido o valor da vida privada e íntima, convertida nunha característica e esixencia das sociedades democráticas e tamén nun dereito dos cidadáns (Seoane 2003).

ética

De ser unha necesidade pasa a ser un valor e unha cuestión de liberdade merecedora de protección. A orixe da súa garantía xurídica dátase no 1890 co influínte *The Right to Privacy* de Samuel Warren e Louis Brandeis (Warren & Brandeis 1995), consolidada normativamente co caso *Olmstead v. The United States* (1928), no que Louis D. Brandeis, agora como maxistrado do Tribunal Supremo, chega a afirmar: “O dereito á intimidade (*privacy*) é o máis amplo dos dereitos e o máis apreciado polos homes civilizados”. Nas décadas seguintes continuará o seu desenvolvemento nos EUA e Europa. En España pódese fixar o seu comezo en 1978, co recoñecemento e garantía do dereito á intimidade no artigo 18 da Constitución española, completado coa incorporación ao noso catálogo iusfundamental do dereito á protección de datos persoais (sentenzas do Tribunal Constitucional 290/2000 e 292/2000, do 30 de novembro) e confirmado coa inclusión na Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea (artigo 8) e no Tratado de funcionamento da Unión Europea (art. 16).

Dous factores explican esta situación ao remate do século XX: o aumento da circulación e do valor da información e datos de carácter persoal e mais a posición central da autonomía nas sociedades modernas, na que cada individuo é considerado un axente moral artífice dos seus propios pensamentos, decisións e accións. A importancia da esfera privada e da intimidade, tanto informativa como física–vinculada á soidade, á integridade corporal, ao decoro, ao pudor–, e a previa autonomía decisoria melloran agora co recoñecemento normativo da autonomía informativa, que garante un poder de disposición e control sobre a propia información de carácter persoal, quer íntima ou privada, quer pública, de xeito que cada persoa poida decidir por si mesma cando e en que condicións procede revelar datos ou situacións referidos a si mesma.

A relación clínica como relación confidencial

Desde os comezos da medicina occidental o segredo profesional é un principio fundamental da ética médica é un deber recollido nos códigos deontolóxicos, xa

Bio+ ética



no xuramento hipocrático. Porén, o significado e o fundamento éticos de tal obriga non foron sempre os mesmos, e se debe falar do tránsito dun deber de segredo médico a un deber e dereito á confidencialidade, que se orixina, sobre todo, polo recoñecemento do papel activo do paciente en materia de saúde. A comparencia da autonomía, concibida neste caso como autonomía informativa, dá lugar un novo modelo de relación clínica, de toma de decisións e de definición da saúde, así como ao novo concepto de confidencialidade.

A relación clínica é un territorio confidencial. Como tal, non ten carácter íntimo ou individual, pois non lle pertence ou afecta a unha única persoa. Tampouco ten carácter público, pois non é accesible ou cognoscible por todos. Desde a perspectiva da confidencialidade a relación clínica ten natureza privada: é o resultado do encontro de varias persoas sobre o coidado da vida e a saúde. Inicialmente son o paciente ou usuario e un profesional asistencial, ao que despois se incorporan familiares, amigos ou achegados daquel e outros profesionais do equipo ou doutros equipos, co que se amplía o denominado “círculo da confidencialidade” (CEIS Asturias 2013, 44-48).

Na Antigüidade non procede falar de confidencialidade senón de segredo, pois a relación hipocrática non é unha relación confidencial en sentido estrito. Isto non significa que o médico hipocrático, e por extensión o resto de profesionais asistenciais concibidos desde esa perspectiva, non manteña a reserva ou sixilo debidos con respecto a certas informacións referidas ao doente. O segredo é unha obriga constringente e decisiva para garantir o bo exercicio profesional, pero os seus perfís diverxen dos da confidencialidade e da relación clínica contemporáneas. Dun xeito peculiar, o deber de segredo tradicional recoñece na relación clínica un ámbito persoal –máis privado que íntimo– que non debe ser de coñecemento público. Con todo, ao xulgar que o doente é incapaz de xestionar a súa vida, debe ser exclusivamente o profesional quen estableza as condicións de protección desa información e do exercicio do seu deber de segredo profesional (quen, que,



como, a quen, cando etc.). A posición do doente subordinada e pasiva é, cara á reserva da información, mesmo innecesaria. Este deber de segredo baseado nunha xustificación paternalista protexe unha intimidade heterónoma; A intimidade do doente é un privilexio ou unha concesión do médico, mais non un dereito.

Na era moderna, aparellada á transformación do paciente nun interlocutor activo que toma decisións, aparece a confidencialidade como deber e como dereito. O recoñecemento da autonomía en materia de saúde e da intimidade equilibra a relación clínica. Os profesionais asistenciais seguen obrigados a gardar segredo ou, con maior precisión, a manter a confidencialidade sobre determinados datos persoais e informacións, en particular os referidos á saúde, considerados datos sensibles e merecedores de especial protección, pero non porque así o crean ou decidan –ou polo menos non só por iso– senón, ante todo, porque quen toma a decisión de que sexa así é o lexítimo titular da dita información: o paciente ou usuario.

O segredo é un resultado da actuación do profesional: algo quedase separado (*secretum*) do coñecemento dos outros. A confidencialidade, polo contrario, refire tanto un estado ou calidade da información como unha actitude respecto do “confidencial”, que é aquilo que se fai ou se di en confianza ou con seguridade recíproca entre dúas ou máis persoas, e da “confidencia”, que é unha revelación secreta ou reservada, e tamén unha confianza estreita e íntima. O máis salientable da ética do segredo do modelo antigo ou tradicional é que non require a comparecencia do paciente como interlocutor; abonda que o médico –ou o profesional asistencial correspondente– decida que corresponde manter reservado. En troques, a confidencialidade só comparece en presenza de, polo menos, dúas persoas: paciente e profesional. Esta relación clínica está fundada na confianza, concepto chave para comprender a evolución da confidencialidade, coa que comparte unha mesma raíz etimolóxica (*cum fides*) que evoca e esixe relación.



ca Bic

Confidencialidade e confianza

A relación clínica é unha relación fiduciaria, e probablemente sexa a través da confidencialidade como se confirme con maior nitidez este carácter fiduciario. A confianza é unha necesidade humana e tamén un elemento distintivo das profesións tradicionais. O tránsito do deber de segredo ao deber e dereito á confidencialidade permite explicar a transformación do seu papel na relación clínica. No modelo paternalista, a confianza está asegurada *a priori* e baseada no estatus e a condición profesional do médico; ademais, resulta irrelevante para o cumprimento do deber de segredo. Pola contra, o profesional actual debe conquistar e merecer a confianza do paciente coa súa actuación, entre outros aspectos co respecto da confidencialidade da información persoal transmitida con lealdade e veracidade polo paciente. Para o profesional asistencial a confianza era antes fonte de privilexios, e agora é fonte de obrigas. Pasouse da confianza baseada na autoridade propia do modelo tradicional á autoridade (*auctoritas*) do profesional baseada na confianza, porque non abonda a aparencia de profesionalidade senón que cómpre determinar quen actúa como un auténtico profesional (Seoane 2008). En consecuencia, a confidencialidade, acompañada da confianza e da autonomía, agroma nunha relación clínica participativa e incluínte na que o profesional e o paciente cooperan co propósito compartido do coidado da saúde. Cabe imaxinar unha confidencialidade sen confianza e sen autonomía, pero sería máis ben unha máscara do modelo paternalista.

A confirmación do valor da confidencialidade: as respostas normativas do dereito

A historia relata como a confidencialidade e a súa familia conceptual (confianza, intimidade, autonomía) enuncian valores importantes para nós. Unha forma de confirmar a súa relevancia e de elucidar o seu significado consiste en examinar como son protexidos mediante normas. Dos diversos sistemas normativos

Bio+ ética



interésanos agora a resposta xurídica, pola súa obrigatoriedade e pretensión de universalidade, supremacía e comprensividade, e tamén porque adoita expresarse coa linguaxe dos dereitos, unha categoría que combina as dimensións xurídica, ética e mais política.

A perspectiva normativa confirma de xeito indubitado que a intimidade, a autonomía informativa e a confidencialidade son valores altamente apreciados pola nosa sociedade. Os mencionados dereitos fundamentais á intimidade (art. 18 CE) e á protección de datos persoais (SSTC 290/2000 e 292/2000, do 30 de novembro) son os seus piares constitucionais. Para máis, a súa importancia ratifícase co desenvolvemento na lexislación de protección de datos de carácter persoal (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro) e tamén na lexislación sanitaria por medio da Lei básica da autonomía do paciente (Lei 41/2002, do 14 de novembro: LBAP) e, no ámbito galego, da Lei de consentimento informado e da historia clínica (Lei 3/2001, do 28 de maio, modificada pola Lei 3/2005, do 7 de marzo), a Lei de saúde de Galicia (Lei 8/2008, do 10 de xullo: LSG) ou o máis específico Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica (Seoane 2013).

A necesidade das normas e o complemento das virtudes

A invocación da perspectiva normativa non se debe só a razóns históricas ou de oportunidade senón a algo máis radical, unha razón antropolóxica. Os seres humanos necesitamos normas: somos seres imperfectos e fráxiles, con capacidades e recursos limitados. As normas motivan e orientan o noso comportamento, e resolven problemas epistémicos (insuficiencia de coñecemento), volitivos, psicolóxicos ou de conduta (incumprimentos deliberados, queridos ou inadvertidos) e sociais (imposibilidade de realizar certas accións e acadar certos fins sen os outros). A través delas podemos identificar os valores comúns, coordinar a nosa actuación e fomentar a cooperación, reducindo erros e aforrando tempo e esforzo.

ética

Porén, as normas non bastan. As normas adoptan forma universal para describir unha situación a partir dos casos típicos ou previsibles no momento da súa elaboración, pero non poden dar conta de toda a súa riqueza nin anticipar o aínda non acontecido. Brindan estabilidade, proporcionan orientación e iluminan os feitos concretos, pero a súa percepción e interpretación non está regulada de antemán. A experiencia do particular enriquece e modula a concepción xeral.

Estes condicionamentos antropolóxicos e existenciais, xunto coa mutabilidade e a indeterminación das normas, e a irrepitibilidade do particular (Nussbaum 1995), amosan a necesidade de que as decisións e accións se apoiem na deliberación e a prudencia (Aristóteles 1999; Aubenque 1999). Non están ao noso dispor solucións ou respostas *a priori* nin tampouco unha ciencia ou *techné* do razoamento práctico. A deliberación prudente, que toma en consideración o marco xeral das normas e que o axusta con flexibilidade á situación concreta, é insubstituíble.

Normas, virtudes e deliberación na ética clínica

Así sucede no ámbito clínico, onde o exercicio da virtude da prudencia remite á deliberación, que é o método da ética clínica (Gracia 2001; Gracia 2011a). As cuestións éticas non poden ser ignoradas nin tratadas intuitivamente polos profesionais e as institucións asistenciais. Non abonda tampouco a experiencia clínica, unha decisión en conciencia ou o sentidiño. É necesaria unha metodoloxía para identificar, analizar e deliberar sobre os feitos, os valores, os deberes e as normas implicados na práctica asistencial. Velaí unha das grandes contribucións da bioética, entendida como proceso de deliberación sobre os fins individuais e colectivos da vida humana e sobre os valores presentes na saúde, a enfermidade, a vida e a morte dos seres humanos (Gracia, 2011b).

Os principios configuran o marco de toma de decisións, pero non poden resolver por si sós os problemas bioéticos, que son reais e concretos. Como todo razoamento práctico, o razoamento bioético consta dun momento deontolóxico, atento aos

ética

principios (ex. Beauchamp&Childress 2012) e un momento consecuencialista ou teleolóxico, que atende ás consecuencias e ás circunstancias do caso. A síntese de ambos ten lugar mediante a deliberación e a prudencia (Aristóteles 1999), que permiten realizar un xuízo ético sobre a situación concreta pasando da xeneralidade dos principios á singularidade do caso, e xustificar as excepcións. Como consecuencia do anterior, as éticas baseadas en principios deben ir acompañadas dunha ética da virtude ou baseada nas virtudes (Pellegrino&Thomasma, 1993), séntese que algún autor denominou ética da responsabilidade (Gracia, 2004).

Un marco bioético para a confidencialidade

Desde unha perspectiva sistemática, o modelo de relación clínica actual fornece un modo de deliberación sobre as cuestións que atinxen á confidencialidade, o segredo profesional, a intimidade e a autonomía informativa dos pacientes e usuarios articulado en cinco principios ético-xurídicos: 1) finalidade, 2) autonomía, 3) proporcionalidade, 4) confidencialidade e 5) calidade (Seoane 2003). O manexo harmónico destes principios e a deliberación danlles vida aos dereitos e ás normas legislativas. Porén, nin os dereitos nin as leis nin os principios teñen valor absoluto. Existen excepcións xustificadas ao deber de confidencialidade, baseadas na autonomía (p. ex. revelacións autorizadas polo paciente), ao abeiro dunha finalidade lexítima (p. ex. protección dun interese público ou da saúde pública; evitar un dano á vida, saúde ou dereitos de terceiros) e definíndoa de xeito proporcional e con respecto da calidade (Gracia e Rodríguez Sendín (coord.) 2005; CEIS Asturias 2013).

→ **O principio de finalidade** responde a pregunta para que se obtén, conserva ou utiliza a información. A finalidade debe ser lexítima, explícita, determinada e clara. A finalidade principal é a asistencial, pero existen outros fins que xustifican o tratamento lícito da información no ámbito asistencial: estatísticos, epidemiolóxicos, investigadoren, docentea, de administración e xestión, inspección, avaliación, acreditación e planificación sanitaria. Este principio



é o criterio material que xustifica as necesarias excepcións á regra xeral da autonomía e a confidencialidade.

- **O principio de autonomía** ten dúas manifestacións: información ao paciente ou usuario, como interesado e lexítimo titular dos seus datos de carácter persoal e das informacións contidas na documentación clínica ou social; e consentimento do paciente como titular da información para a súa obtención e tratamento. Este principio se desprega nun feixe de dereitos: acceso, rectificación, cancelación, bloqueo, oposición, impugnación, consulta, tutela.
- **O principio de proporcionalidade**, de carácter metodolóxico, guía a aplicación dos restantes principios mediante o emprego dunha racionalidade prudencial e deliberativa. Avalía o alcance e a medida da información necesaria en cada caso concreto e xustifica metodoloxicamente as excepcións aos principios de autonomía e confidencialidade.
- **O principio de confidencialidade**, referido á información e aos datos obxecto de tratamento, consiste nun dereito *erga omnes* e un deber universal, esixible a calquera persoa que teña acceso ou coñecemento da información, e cun carácter reforzado e máis constringente no caso dos profesionais asistenciais ou aqueles outros profesionais que interveñan no tratamento da información do paciente. A confidencialidade é unha obriga de carácter negativo, un deber de omisión ou abstención: quen acceda, coñeza ou trate a información dun terceiro está obrigado a calar e non difundila –sen a súa autorización–. Esta obriga, tamén denominada deber de segredo na lexislación, é inherente e ubicua: vai aparellada e acompaña ao dato, e perenne: non se extingue tras a finalización do tratamento que motivou o seu coñecemento, senón que permanece no tempo.
- **O principio de calidade** refírese tanto á información como ao soporte ou documento que a contén, isto é, ao contido e á forma ou modo de tratamento



deses contidos. Como tal, o principio de calidade contén o principio de seguridade, que actúa como especificación e garantía daquel. Este principio impón unha serie de obrigas positivas ou de dilixencia a determinadas persoas implicadas no tratamento da información e os datos de carácter persoal, entre elas os profesionais asistenciais e as institucións e os centros sanitarios. Dunha banda, esixe que a obtención, conservación, utilización ou calquera outra modalidade de tratamento dos datos sexa lícita, leal e dilixente. Doutra banda, require que os datos tratados sexan adecuados, correctos, actualizados, veraces, pertinentes e non excesivos, en relación coa súa finalidade.

Unha cultura da autonomía, a confidencialidade e a calidade

Quen cultiva a xustiza non a cultiva voluntariamente senón por impotencia de cometer inxustizas. Decatarémonos mellor disto se imaxinamos as cousas do seguinte xeito: deámoslle ao xusto e ao inxusto o poder de facer o que lles pete e despois sigámoslos para ver onde leva a cada quen o seu desexo. [...] O poder do que falo sería efectivo ao máximo se aqueles homes adquiriran unha forza semellante á que din que en tempos tivo Xixes. Xixes era un pastor ao servizo do rei de Lída que atopou un anel de ouro nun día de treboada. Ao volver o anel cara ao interior da man tornábase invisible para o resto da xente, e ao xirar o anel cara a fóra facíase de novo visible. Ao se decatar deste poder achegouse ao pazo real, seduciou a raíña e, coa súa axuda, matou o rei e apoderouse do reino.

Glaucón di que se houberse dous aneis iguais, pertencentes cadanseu a un xusto e a un inxusto, non habería persoa tan íntegra que perseverase na xustiza e soportase non tomar os bens alleos: o home xusto e o home inxusto seguirían o mesmo camiño. Velaí unha boa demostración de que ninguén é xusto voluntariamente, senón pola forza, xa que a xustiza non se considera un ben individual. Quen cre que vai poder cometer inxustiza cométea, pois todo home pensa que a inxustiza lle brinda máis vantaxes que a xustiza. Máis aínda, se houberse alguén co poder do anel que se negase a cometer inxustiza e botar man dos bens alleos, sería considerado o máis miserento

ca Bic

e parvo dos homes, aínda que fose gabado en público para enganarse mutuamente por temor a padecer inxustiza (Platón 1986, 359b-360d).

Actuar correctamente non é sinxelo, tanto polos nosos atributos individuais como polas características da contorna social. Glaucón sostén que a nosa natureza é egoísta, interesada, individualista, pragmática ou netamente utilitarista. A función orientadora das normas é fútil, pois só a súa imposición por medio da forza e a sanción, o medo ao castigo ou a cobiza por un beneficio poden motivar un comportamento bo e correcto. Se a invisibilidade ampara calquera conduta e outorga impiedade o sensato é tirar proveito desa condición; o noso comportamento só mudará se tememos ser descubertos.

Ao meu xuízo, o mito de Xixes ilumina o escenario da confidencialidade nos sistemas de saúde e permite conxectar que as solucións non poden provir exclusivamente das normas nin da imposición legal, xa que se precisa o complemento das virtudes e da educación dos profesionais e cidadáns. Nas institucións e centros sanitarios mellorou a sensibilidade e a protección da confidencialidade, pero persisten problemas e malos hábitos que constitúen unha ameaza: descoñecemento do marco normativo, accesos indebidos por finalidades ilexítimas, divulgación improcedente de información ou paternalismo que conduce a non lle consultar ao paciente o uso e destino da súa información e mesmo a marxinación do paciente do proceso de información e toma de decisións. Un fenómeno senlleiro e persistente é a ampla tolerancia aos “abusos autorizados” (Etzioni 1999), isto é, condutas eticamente cuestionables pero non xuridicamente prohibidas que resultan social e profesionalmente admitidas, cuxos efectos negativos erosionan a confianza e lesionan a confidencialidade (Iraburu, Seoane, Gaminde 2012).

Un primeiro paso indispensable é a existencia de normas acaídas, condición satisfeita no caso do sistema galego de saúde. De seguido cómpre garantir o coñecemento, comprensión e cumprimento desas normas. Porén, nin sequera

Bio+ ética



entón desaparecerían os riscos para a confidencialidade, sobre todo se o obxectivo é a excelencia. O comportamento eticamente excelente e exemplar do profesional asistencial implica unha actuación “por respecto á lei” ou cumprimento *moral* das normas, e non simplemente o cumprimento *legal* ou “segundo a lei”. A excelencia require que o móbil da actuación profesional sexa o respecto da norma e vaia acompañada dunha adhesión interior a esta, mentres que cómpre rexeitar calquera outro motivo distinto da idea de deber e conformarse coa adecuación da conduta exterior ao previsto pola norma (Kant 1989, 23-25).

É necesaria a alfabetización ética e xurídica en materia de intimidade, autonomía e confidencialidade dos profesionais e usuarios do sistema de saúde. Garantir a confidencialidade e a calidade da información clínica equivale a garantir a confianza do paciente, titular dos datos, e a recoñecer e respectar a súa autonomía e dereitos. Desde a perspectiva do paciente a infracción do deber de confidencialidade e calidade no tratamento dos seus datos persoais, especialmente sensibles no caso dos relativos á saúde, conduce á perda da confianza no profesional e no sistema e, ao fin, á negación do seu dereito á intimidade e da autonomía informativa. Pola súa parte, desde a perspectiva do profesional e do sistema, cumprir os obxectivos de confidencialidade e calidade reforza a confianza do paciente, permíttelles aos profesionais cumprir os seus deberes –profesionais, éticos e xurídicos– e conduce ao incremento da calidade, entendida agora nun sentido máis amplo como forma de excelencia do exercicio profesional e de prestación da atención, na medida en que non se limitan a ocuparse de datos ou informacións senón que tamén se preocupan polos dereitos e pola persoa a quen identifican eses datos.

Dese xeito, a garantía da confidencialidade é responsabilidade de todos, como cidadáns e, de xeito reforzado, dos profesionais asistenciais e dos restantes profesionais implicados. E non só porque sexa o seu deber, senón á vez como recoñecemento da dignidade e os dereitos do titular dos datos. O obxectivo é

ética

espallar unha cultura da autonomía, a confidencialidade e a calidade no sistema galego de saúde, un *êthos* o modo ético de comportarse individual, profesional e socialmente que non sexa resultado da imposición senón da convicción e dunha praxe profesional virtuosa que declina os principios, valores, dereitos e deberes que integran a linguaxe bioética.

II

Confidencialidade 2.0

A intimidade (*privacy*) para min non consiste en manter a miña vida oculta aos demais, senón en aforrarme a intrusión das vidas privadas dos outros (Franzen 2012, 158).

Entre o balbordo Jonathan Franzen discorre sobre algo tan cotián que pasa desapercibido, en boa medida pola tolerancia social: o uso incontrolado e exhibicionista dos teléfonos móbiles. Por unha banda pide eludir a banalidade doutras vidas domésticas impostas á forza por conversas non desexadas e sobreactuadas. Por outra, formula unha vindicación política: rexeitemos a imposición e o predominio do privado ou individual sobre o público, e admiremos a contención e a razoabilidade dos comportamentos respectuosos coa esfera pública (Franzen 2012, 163-175).

E non se trata só de que a fachenda e a exposición da intimidade degraden a esfera pública ou a convertan nun territorio desapracible, senón que danan tamén a intimidade e a autonomía dos cidadáns: xa nin sequera nos deixan en paz (*to be let alone*), que foi a esixencia básica da *privacy* desde a súa orixe a finais do século XIX. Que mudou na intimidade e na confidencialidade? Perderon acaso o seu valor para os individuos e as comunidades?

A ollada ao pasado explicou que somos e por que somos así. A esixente cultura da autonomía, confidencialidade e calidade acae á situación dos profesionais e do

ética

sistema de saúde exposta. Porén, a descrición non é completa. Cómpre agora ollar ao presente cara ao futuro desde un contexto máis hostil para confidencialidade, a intimidade e a autonomía informativa, e reflexionar sobre a confidencialidade no sistema galego de saúde no 2013 cara ao século XXI, no canto de facelo desde o século V a. C ata os nosos días, como na viaxe do primeiro punto.

A revolución dos datos masivos

Caracterizouse con acerto a nosa época como a era da información (Castells 1997-2001), pero esta definición é imprecisa: o crecemento da información e os datos esixen falar da era dos datos masivos (*big data*) (Mayer-Schönberger&Cukier 2013). Malia a súa denominación, o elemento peculiar dos datos masivos non é o tamaño ou a escala, senón a capacidade de aproveitar a información para usos e fins diferentes e de obter novas formas de valor. O cambio cuantitativo conduce a un cambio cualitativo ou de esencia que se sintetiza na “datificación” (*datafication*): recompilar a información e transformala a formato de datos para analízala e cuantificala (Cukier&Mayer-Schönberger 2013, 28-35; Mayer-Schönberger&Cukier 2013, 28, 100-101).

O auxe dos datos masivos introduce tres cambios no modo de analizar a información que modifican a nosa forma de comprender e organizar a sociedade: 1) de recollidas e tratamentos limitados a algúns datos seleccionados pásase a poder procesar todos os datos relacionados cun determinado fenómeno; 2) reláxase o anhelo de exactitude e tolérase a imprecisión ou confusión: o lugar da precisión é ocupado pola probabilidade; 3) renúnciase á causalidade en favor da descrición de correlacións e novas perspectivas: non sabemos por que ocorre algo pero as correlacións advírtennos de que algo está a pasar. Os datos masivos adoptan un enfoque máis pragmático: proporcionan o *que* e non o *porque* (Mayer-Schönberger&Cukier 2013, 24-94).



Os datos masivos multiplican o seu valor. Todos os datos son considerados valiosos *per se*; o seu valor non diminúe cando son usados, e poden ser explotados con múltiples propósitos. Máis aínda, o seu valor desprázase do uso primario a potenciais usos futuros, a diversos usos secundarios –reutilización, novas combinacións, fusiões– que lles confiren aínda máis valor (Mayer-Schönberger&Cukier 2013, 125-186).

A confidencialidade, a intimidade e a autonomía na era dos datos masivos

Os datos masivos e a datificación acentúan as asimetrías de poder (Cukier&Mayer-Schönberger 2013, 37-40) e aumentan os riscos para a confidencialidade, a intimidade e a autonomía, e tamén orixinaa novos perigos e problemas. A protección da intimidade vólvese máis difícil e o titular dos datos perde paulatinamente o control sobre eles. En primeiro lugar, o procesamento masivo permite deducir datos íntimos mediante múltiples combinacións de datos de carácter persoal que inicialmente non a ofrecían. En segundo lugar, a aparición de usos secundarios con posterioridade á obtención, a maior parte deles nin sequera concibidos no momento inicial, debilita a autonomía informativa exercida mediante o consentimento no momento inicial do tratamento. Finalmente, tamén resulta insuficiente o procedemento técnico empregado habitualmente para protexer a información persoal, a anonimización, pois os datos masivos facilitan a reidentificación. Os datos masivos poden tamén lesionar a autonomía e negar o libre albedrío e a nosa condición de axentes morais capaces de realizar eleccións significativas cando se elaboran predicións sobre a actuación das persoas para decidir se son culpables e deben ser castigadas por comportamentos que aínda non se produciron, a modo de policía predictiva ou mediante a elaboración de perfís. Por último, a ditadura dos datos masivos pode impoñer un novo determinismo, ao elaborar e impoñer unha identidade que lle fure a cada individuo a posibilidade de elixir e cambiar ao longo da súa vida (Mayer-Schönberger&Cukier 2013, 188-210).



A era da revelación

Así e todo, o máis salientable e atraente desta etapa non é a descrición da situación nin o cambio do modo de coñecer (Carr 2012), senón a actitude das persoas en relación coa confidencialidade e os conceptos afíns. Por iso acáelle á nosa época a consideración de era da revelación (*era of revelation*) (Allen 2012). Vivimos nunha era da revelación persoal e de voluntaria exposición ou autodifusión (Allen 2012, 9) na que procuramos, recompilamos e difundimos información sobre nós mesmos e sobre os demais. Na era da revelación somos afeccionados a –“gústanos”– divulgar o que sabemos, pensamos, facemos e sentimos, e xustificámolo con variadas razóns profesionais e de lecer: amizade, familia, saúde, riqueza, educación, política, xustiza e cultura (Allen 2012, 1). Constátase aquí o fenómeno da datificación a un nivel máis persoal: Facebook datifica as relacións; Twitter datifica os sentimentos; LinkedIn datifica as experiencias profesionais pretéritas..., e ao trazar correspondencias, a datificación e os datos masivos transforman elementos da nosa vida diaria en datos relevantes, aptos tamén para a predición de comportamentos relacionados coa saúde (Mayer-Schönberger&Cukier 2013, 116-119).

Outra singularidade desta pulsión reveladora é que non se refire a informacións alleas, senón que abrangue decote datos propios: trátase dunha autorrevelación. Dese xeito, os riscos para a confidencialidade da información non proveñen unicamente dos outros senón tamén de nós mesmos, das nosas decisións e actuacións previas revelando información e da nosa actitude cara a confidencialidade.

A intimidade na era da revelación

Todo cambio adoita producir beneficios ou consecuencias positivas e consecuencias negativas. Algunhas daquelas son o acceso máis sinxelo á información, maior accesibilidade ou o aumento das posibilidades de comunicación; algúns destes novos riscos son o acoso dixital (*ciberbullying*), o “sexteo” (*sexting*) ou a perda

ca Bic

progresiva do control sobre as propias informacións persoais tras a súa comunicación inicial.

Moitas persoas difunden información propia e referida a outras persoas e séntense ben facéndoo. Esta xeración tecnófila considera a divulgación como a regra por defecto e afirma a primacía da publicidade como unha tendencia favorable á información sobre calquera contido: nada se considera excluído ou reservado *a priori*. Simultaneamente pérdese o sentido da intimidade, o gusto pola intimidade e a disposición para respectar a intimidade e afirmase outro trazo da era da revelación: o esmorecemento da intimidade e da confidencialidade (Allen 2012, 1). mesmo cabe imaxinar a condición marxinal ou a ignorancia da intimidade para parte da mocidade, considerada unha pegada dun mundo pretecnolóxico.

A comunicación ou difusión autónoma da propia información levanta a obriga da confidencialidade; ao desvelar autonomamente esa información invitamos ao seu emprego por parte dos outros. O desleixo da confidencialidade debilita a autonomía informativa e confirma a perda de control sobre a información divulgada, chegando nalgúns casos á imposibilidade de seguir exercéndoa. A demanda dun dereito ao esquecemento, coa facultade de decidir a eliminación do noso ronsel suprimindo os datos cando xa non nos interesa a súa conservación, apunta ao afán de recuperar o control e a capacidade de decisión sobre a nosa información persoal. Porén, non se trata dun dereito absoluto e pode entrar en colisión con outros dereitos como a liberdade de expresión; para máis, aínda que se pode restaurar parte da autonomía perdida, non pode eliminar todo o acontecido nin as consecuencias da decisión autorreveladora na identidade e na súa súa persoa. (Os novos dereitos ao esquecemento e á portabilidade, xunto co robustecemento dos tradicionais dereitos aparelados ao dereito á protección de datos persoais: acceso, rectificación, cancelación, están incluídos na proposta de Regulamento xeral de protección de

Bio+ ética



datos aprobada polo Parlamento europeo e o Consello o 25 de xaneiro de 2012, que representa o intento actual de adaptar a lexislación de protección de datos á era da confidencialidade 2.0).

A saúde na era da revelación

A dixitalización da información clínica, a telemedicina ou a morea de datos dos biobancos son testemuños destes cambios no ámbito da saúde, onde tamén está presente a tendencia reveladora: a enfermidade converteuse en algo público. Hoxe resulta aceptable falar da saúde persoal (xaquecas, lesións, antidepresivos, menopausa, dispepsia) en diferentes contextos persoais e profesionais. Nalgúns casos, mesmo con enfermidades ou doenzas de maior entidade (cancro, enfermidades neurodexenerativas), as informacións sobre a saúde persoal enchen obras literarias e chegan aos medios de comunicación e ás redes sociais (Allen 2007, 300-301), rebordando o ámbito privado. Con todo, esta revelación da saúde persoal ten aspectos positivos no ámbito privado persoal e clínico (libera a tensión ou angustia do paciente, permite compartir as informacións sobre o estado de saúde e mellorar cognitiva e emocionalmente os procesos de toma de decisións, fai posible recibir unha atención apropiada, facilita a tarefa dos cuidadores no contexto familiar etc.), na esfera profesional (posibilita o axuste do contorno laboral mediante a adaptación de espazos, horarios, tarefas ás necesidades de saúde do paciente) ou na esfera educativa (adaptación curricular) (Allen 2007, 301).

O valor da intimidade e a confidencialidade

Esixe a era da revelación un novo *éthos*? Está en cuestión o valor da intimidade e a confidencialidade? Perden o deber de segredo e confidencialidade a súa posición central na ética profesional?

Compartir a información sobre a saúde persoal non equivale á negación do sentido da intimidade e a confidencialidade (Allen 2007, 301; Allen 2009, 130-131). A

ética

apertura é compatible coa garantía da confidencialidade e co control da información. A reserva dun espazo íntimo e a garantía da non difusión de informacións sensibles como os datos de saúde seguen a ser condicións necesarias para o bo funcionamento da relación clínica e a toma de decisións. Este foi historicamente o funcionamento da relación clínica: facíao así o médico hipocrático, mais era unicamente el quen decidía, e facíano así os pacientes e profesionais na era moderna, construíndo un relato común a partir do recoñecemento da autonomía e os dereitos.

Os límites da autonomía informativa

Necesitamos e debemos ser autónomos, mais tamén responsables e humildes. A autonomía do paciente permite a revelación, mais esixe facerse cargo de tal decisión e elixir como e con quen compartimos a información. A coherencia e responsabilidade do paciente reclama protección da autonomía por parte do sistema, poio no contexto actual a autoxestión da intimidade (*privacy self-management*) (Solove 2013) é irreal e irresponsable. Mesmo co sistema de dereitos e garantías que tutelan a nosa intimidade e autonomía informativa non somos quen de controlar individualmente os nosos propios datos de carácter persoal, en particular os relativos á saúde, e tomar decisións sobre os diversos usos e tratamentos.

A xestión autónoma da información persoal e da intimidade atopa catro clases de problemas. En primeiro lugar, problemas cognitivos ou epistémicos: non estamos adecuadamente informados –non lemos e/ou non comprendemos as informacións– e as nosas decisións son ás veces nesgadas ou distorsionadas (Solove 2013, 1883-1888). Ademais, moitas das nosas decisións son escasamente deliberadas ou razoadas e presentan un amplo compoñente intuitivo (Kahneman 2012). En segundo lugar, problemas estruturais: as decisións adoitan tomarse nun momento temperán, xeralmente coa obtención da información, e de forma illada, atendendo aos efectos prexudiciais inmediatos e individuais. Porén, as

ética

consecuencias son acumulativas e deben avaliarse de xeito conxunto ou agregado, para contemplar toda a información relevante e o cambio do seu significado co tempo (Solove 2013, 1888-1893). Doutra banda, na era dos datos masivos os usos sobranceiros son os usos secundarios, na súa maior parte non previstos no momento de obter a información e de outorgar o consentimento para o uso e finalidade inicialmente determinados (Mayer-Schönberger&Cukier 2013, 125-202). En terceiro lugar, problemas relacionadas coa natureza dos datos: algunhas informacións ou datos non atinxen unicamente a un individuo, senón tamén a persoas vinculadas a el. É o caso dos datos xenéticos, que son bioloxicamente xeracionais. Finalmente, en cuarto lugar, problemas culturais: o predominio da revelación e a publicidade nesta época (Allen 2012), manifestado no ámbito social á marxe do coidado da saúde (leriar, parolar, rexoubar, o dixomedixome) e no ámbito clínico ou asistencial.

A necesidade da resposta institucional

Malia que a autonomía é limitada, non procede o retorno ao modelo paternalista senón a afirmación dunha autonomía xenuína, humilde e interdependente no seo dunha robusta cultura institucional que a faga posible. En termos bioéticos falamos dunha microética da confidencialidade, propia da relación clínica, e dunha mesoética da confidencialidade, propia das institucións sanitarias (Simón (ed.) 2005), que ten de agromar nesta era. A ética das institucións, ao igual que a ética da relación clínica, non se reduce á aplicación das normas, senón que ten que promover unha cultura da autonomía, a confidencialidade e a calidade mediante a formación dos responsables da información e a documentación, tanto profesionais asistenciais como outros profesionais que accedan aos datos de saúde. A incapacidade do paciente para controlar todos os usos referidos aos seus datos e a posibilidade de revelar aspectos íntimos ou informacións sensibles mediante a posta en relación de datos inicialmente inconexos aconsellan imporlle un deber cualificado de tutela a quen usa tal información (Schönberger&Cukier 2013, 213, 235). Doutra banda, este



labor institucional debe ser interpretado como unha ética subsidiaria da autonomía do paciente, intervindo cando a capacidade dos pacientes e usuarios de participar e adoptar decisións autónomas respecto da súa información e datos persoais estea ausente ou minorada, mediante sistemas de apoio que faciliten a toma de decisións e a xestión da información de acordo cos seus valores e expectativas. Rehabilitar a autonomía dos pacientes fortalece a confianza no sistema de saúde de Galicia, contribúe á promoción de cidadáns autónomos e conxura o risco do determinismo informativo e da veneración da información sen a vital mediación da interpretación e utilización polos profesionais e usuarios.

III

Resposta e conclusión

A garantía da confidencialidade da información, principalmente da vinculada á saúde, xunto coa protección da autonomía informativa e a intimidade dos pacientes ou usuarios e profesionais é valiosa e beneficiosa para o sistema galego de saúde:

- 1 → **Garante o acceso ao sistema de saúde na procura de asistencia e cuidados** → Anima os pacientes a buscar asistencia e cuidados sanitarios (Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH), caso Z v. Finlandia, 25.2.1997, § 95; Allen 2009, 129; Allen 2011, 112). Se toda información fose pública ou divulgada sen o coñecemento e a aceptación do paciente, este tería serias prevencións para acudir ao sistema público de saúde.
- 2 → **Evita danos para a saúde do paciente** → Evita o perigo ou dano para a saúde do paciente derivado de non acudir ao sistema de saúde (TEDH Z c. Finlandia, 25.2.1997, § 95), con independencia do éxito do futuro tratamento. Ante o risco de revelación da información ou vulneración da confidencialidade o paciente renunciaría a acudir ao sistema e buscaría solución á marxe del ou simplemente non a buscaría.



- 3 → **Evita danos para a saúde de terceiros** → No caso de enfermidades transmisibles, evita o eventual dano á saúde de terceiros e mesmo da comunidade (TEDH, Z c. Finlandia, 25.2.1997, § 95).
- 4 → **Mellora a asistencia sanitaria do paciente** → Mellora a atención sanitaria e o coidado da saúde dos individuos, pois permite ofrecerlle a cada paciente o tratamento apropiado (TEDH, caso Z v. Finlandia, 25.2.1997, § 95). O paciente transmite con franqueza e detalle que lle sucede e fai posible que o profesional e o sistema lle ofrezan unha resposta apropiada e axustada ás súas necesidades: ao dispor de mellor información para a diagnose, a prognose e o tratamento, as alternativas ofrecidas ao paciente acaerán á súa situación individual.
- 5 → **Mellora o proceso de toma de decisións** → Combinando a confidencialidade co respecto da intimidade física e informativa mellora a reflexión receptiva (Allen 2007, 308-9) e responsable do paciente, quen pode compartir a información recibida tanto cos seus familiares ou achegados como cos profesionais, reflexionar sobre ela e adoptar unha decisión adecuada aos seus valores, expectativas e desexos.
- 6 → **Mellora a situación do paciente** → non só na súa dimensión biolóxica ou somática senón tamén na dimensión cognitiva e emocional.
- a → É recoñecido como persoa e percibe o respecto da súa autonomía e dereitos.
 - b → Pode experimentar un maior control autónomo sobre a súa información.
 - c → Pode actuar con franqueza e sen agochar nada importante que queira revelar sobre o seu estado e necesidades de saúde (Allen 2009, 129-130), o que lle permite ao tempo cumprir cos sús obrigr de lealdade e veracidade (artigo 2.6 LBAP; artigo 15.8 LSG).

ca Bic

- d** → Exerce e goza dos seus dereitos (TEDH Z c. Finlandia, 25.2.1997, §95).
 - e** → Consólidase a importancia da confianza na relación clínica e increméntase a confianza nos profesionais, nas profesións asistenciais e no sistema de saúde.
 - f** > Elimina ou diminúe a angustia (Allen 2007, 309), quer de sentirse obrigado a agachar información, quer de buscar unha modalidade de atención da súa saúde que non desexa pero que elixe para evitar a súa difusión (p. ex. paciente con VIH; paciente famoso; profesional coñecido no centro no que lle corresponde recibir atención).
 - g** → Non sente temor pola eventual discriminación ou estigma derivado dunha revelación non desexada (Allen 2009, 134).
 - h** → Permite a reflexión responsable e autónoma, tanto respecto da autonomía informativa como da autonomía decisoria, pois algúns problemas de saúde requiren planificación, coñecemento de nova información e elixir en coherencia cos valores e posicións persoais.
- 7** → **Mellora a consideración do concreto profesional asistencial** → Ao dispor de información veraz, o profesional pode emitir un xuízo clínico acaído e realizar unha mellor práctica clínica. Doutra banda, a preocupación institucional pola garantía da confidencialidade permítelle ao profesional o cumprimento das súas obrigas profesionais. Isto é válido para todos os profesionais implicados no coidado e tratamento do paciente.
- 8** → **Mellora da consideración da profesión** → O paciente confía na profesión no seu conxunto (TEDH caso Z c. Finlandia, 25.2.1997, 95). Ten lugar aquí un efecto de irradiación ou espallamento: a través da actuación dun concreto profesional o paciente valora positivamente e confía no exercicio da profesión no seu conxunto (medicina, enfermaría, psicoloxía, traballo social etc.).

Bio+ ética



- 9 → ***Mellora a formación e actuación doutros profesionais que non interveñen no proceso asistencial ou non forman parte da relación clínica*** → Ao ser o exemplo ou a imitación de modelos una forma básica de educación nos grupos e na formación dos profesionais asistenciais (Seoane 2008, 26-27), a implantación da cultura da confidencialidade dá lugar á mellora na actuación de profesionais non directamente implicados no actual proceso asistencial mais si en procesos futuros, tanto no eido nas competencias ou habilidades como no das actitudes (Couceiro 2008; Couceiro 2012). Isto acontece de modo máis doado en procesos iniciais de formación ou residencia (Garrido 2006), mais tamén respecto de profesionais veteranos. Neste caso conviría un cumprimento moral das normas, e o motivo da actuación sería a identificación do respecto da confidencialidade como unha boa práctica, mais tamén se obtería ese mesmo resultado pola circunstancia de que nun contorno maioritariamente respectuoso da confidencialidade as persoas tenderían a asumir condutas semellantes ás do grupo (Asch 1955; Sunstein 2011, 53-54).
- 10 → ***Mellora a consideración do sistema de saúde*** → O paciente confía nos servizos de saúde dos que recibe asistencia (TEDH caso Z. c. Finlandia, 25.2.1997, § 95). Velaí de novo o efecto irradiación ou espallamento: a atención concreta recibida por un profesional ou nun centro ou servizo concretos estende a confianza ao conxunto do sistema e incrementa a valoración positiva por parte do paciente.
- 11 → ***Garante a eficiencia e a mellora na xestión dos recursos materiais e persoais*** → Fai posible unha distribución equitativa e máis axeitada dos recursos, e tamén posibilita o aforro económico: o coñecemento da situación de saúde do paciente permite a posta en marcha de tarefas de prevención, atención temperá, diagnose etc. (Allen 2009, 130).

ética

12 → **Permiten a atención das necesidades de saúde doutros pacientes ou usuarios** →

Como consecuencia de varios factores anteriores, a distribución máis axeitada e equitativa dos recursos equivale a que os recursos non necesarios para o paciente acrecenten os dispoñibles para os restantes pacientes e usuarios do sistema de saúde.

Xa que logo, a confidencialidade ten valor no sistema de saúde de Galicia. A súa importancia advírtese desde tres perspectivas normativas distintas, e así a resposta ao interrogante do título pode xustificarse mediante tres tipos de razóns ou argumentos éticos. 1) *Deontolóxicos ou de principio*, apelando, por exemplo, aos catro principios clásicos da bioética –non maleficencia, beneficencia, autonomía e xustiza– (Beauchamp&Childress 2012), ao respecto da dignidade e os dereitos do paciente, ou ao cumprimento das obrigas profesionais, especialmente a de segredo e confidencialidade. 2) *Consecuencialistas*, en razón do maior beneficio en termos de saúde ou calidade de vida para o paciente ou do menor custo económico para o sistema e a sociedade. 3) *De virtude*, pola contribución á formación de mellores profesionais e mellores cidadáns.

Cómpre conservar a confidencialidade no sistema galego de saúde. A súa garantía realiza distintos valores (económico, profesional, ético, xurídico etc.) e conduce, ao remate, á consideración antropolóxica e política que decanta a posición de partida: non é posible nin desexable unha sociedade humana que non coide a confidencialidade. Sen ela a saúde e a nosa vida serían peores.

ética

Bibliografía

- Allen AL.** Face to face with “It”: and other neglected contexts of health privacy. *Proceedings of the American Philosophical Society.* 2007; 151(3):300-308.
- Allen AL.** Confidentiality: an expectation in health care. En: Ravitssky V, Fiester A, Caplan AL (eds.). *The Penn Center Guide to Bioethics.* New York: Springer; 2009. P. 127-135.
- Allen AL.** Unpopular privacy. What must we hide?. New York: Oxford University Press; 2011.
- Allen AL.** What must we hide: the ethics of privacy and the ethics of disclosure. *St. Thomas Law Review.* 2012; 25:1-18.
- Ariès P.** Para una historia de la vida privada. En: Ariès P, Duby G. (dir.). *Historia de la vida privada, tomo 3. Del Renacimiento a la Ilustración.* Madrid: Taurus; 1989. p 7-19.
- Aristóteles.** *Ética a Nicómaco.* 7ª edición. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales; 1999
- Asch SE.** Opinions and social pressure. *Scientific American.* 1995;193(5):31-35.
- Aubenque P.** La prudencia en Aristóteles. Barcelona: Crítica; 1999
- Beauchamp TL, Childress JF.** *Principles of biomedical ethics.* 7th edition. New York: Oxford University Press; 2012
- Carr N.** Superficiales: ¿Qué está haciendo Internet con nuestras mentes?. Madrid: Taurus; 2011
- Castells M.** La era de la información: economía, sociedad, cultura. Madrid: Alianza; 1998
- Grupo promotor del Comité de ética en intervención social del Principado de Asturias.** *Confidencialidad en Servicios Sociales. Guía para mejorar las intervenciones profesionales.* Oviedo: Consejería de Bienestar Social y Vivienda del Principado de Asturias; 2013
- Chartier R.** Introducción. En: Ariès P, Duby G (dir.). *Historia de la vida privada, tomo 3. Del Renacimiento a la Ilustración.* Madrid: Taurus; 1989. p. 22-25
- Couceiro A .** Enseñanza de la bioética y planes de estudios basados en competencias. *Educación Médica.* 2008;11(2): 60-76.
- Couceiro A.** Aprendizaje práctico de la bioética en el pregrado: objetivos, herramientas docentes y metodología. *Educación Médica.* 2012;15(2):79-87.

Bio



- C**ukier K, Mayer-Schönberger V. The rise of big data. How it's changing the way we think about the world. Foreign Affairs. 2013;92: 28-40.
- D**uby G. Prefacio. En: Ariès P, Duby G (dir.): Historia de la vida privada, tomo 1. Del imperio romano al año mil. Madrid: Taurus; 1987.p. 9-11.
- D**uby G. Advertencia. En: Ariès P, Duby G (dir.). Historia de la vida privada, tomo 2. De la Europa feudal al Renacimiento. Madrid: Taurus; 1988. p. 9.
- D**uby G. Obertura. En: Ariès P, Duby G (dir.). Historia de la vida privada, tomo 2. De la Europa feudal al Renacimiento. Madrid: Taurus; 1988. P. 23-24.
- E**tzioni A. The limits of privacy. New York: Basic Books;1999.
- F**ranzen J. Más Afuera. Barcelona: Salamandra; 2012
- G**arrido Sanjuan JA. Conflictos éticos en el aprendizaje de los residentes. Anales de Medicina Interna. 2006; 23(10):493-502.
- G**racia D. La deliberación moral: el método de la ética clínica. Medicina Clínica. 2001; 117: 18-23.
- G**racia D. Teoría y práctica de la deliberación moral. En:Feito L, Gracia D, Sánchez M (eds.). Bioética: el estado de la cuestión. Madrid: Triacastela; 2011. p. 101-154.
- G**racia D. Bioética. En: Romeo Casabona C (dir.). Enciclopedia de Bioderecho y Bioética, tomo I: a-h. Granada: Comares; 2011. P. 209-226.
- G**racia D, Rodríguez Sendín JJ (coords.). Guías de ética en la práctica médica: Intimidad, confidencialidad y secreto. Madrid: Fundación de Ciencias de la Salud; 2005.
- I**raburu M, Seoane JA, Gaminde I. Cultura de la confidencialidad en los hospitales del Norte de España. Med Clin. 2012;139(2):76-81.
- K**ahneman D. Pensar rápido, pensar despacio. Barcelona: Debate; 2012
- K**ant I. La metafísica de las costumbres. Madrid: Tecnos;1989
- M**ayer-Schönberger V, Cukier K. Big data. La revolución de los datos masivos. Madrid: Turner; 2013
- N**ussbaum MC. La fragilidad del bien. Fortuna y ética en la tragedia y la filosofía griega. Madrid: Visor; 1995
- P**latón. República. Madrid: Gredos; 1986



- Seoane JA.** Ética, Derecho y datos personales. Cuadernos de Derecho Público. 2003; (19-20):91-130.
- Seoane JA.** La relación clínica en el siglo XXI: cuestiones médicas, éticas y jurídicas. Derecho y Salud. 2008;16:1-28.
- Seoane JA.** La construcción jurídica de la autonomía del paciente. Eidon. 2013; 39:13-34.
- Siegler M.** Confidentiality in Medicine-A Decrepit Concept. New England Journal of Medicine. 1982;307(24):1518-21.
- Simón P(ed.).** Ética de las organizaciones sanitarias. Nuevos modelos de calidad. Madrid: Triacastela; 2005
- Solove DJ.** Privacy self-management and the consent dilemma. Harvard Law Review 2013;126:1880-1903.
- Sunstein Cass R.** Rumorología. Cómo se difunden las falsedades, por qué nos las creemos y qué se puede hacer contra ellas. Madrid: Debate; 2010
- Warren S, Brandeis L.** El derecho a la intimidad. Madrid: Civitas; 1995
- Westin AF.** Privacy and freedom. New York: Atheneum; 1970.

Bio



▶ **9:00** → 9:15 INAUGURACIÓN

PRESENTACIÓN

A confidencialidade, desde a bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia

▶ **9:15** → 9:30

PRESENTACIÓN

▶ **9:30** → 10:45 Para que serve a confidencialidade?

CONFERENCIA

▶ *O continuum da confidencialidade*

▶ **15:30** → 16:30

PRESENTACIÓN

Intimidade e confidencialidade: obriga legal e compromiso ético. Documento estratéxico

▶ **17:00** → 18:45

MESA REDONDA

A confidencialidade na práctica: aprendendo cos comités de ética asistencial

▶ **18:45** → 19:30

SÍNTESE E CLAUSURA

SÍNTESE E CLAUSURA

ética



11:15 → 13:00

MESA REDONDA

O contínuum da confidencialidade



MODERADORA → Victoria Lojo Vicente
Membro da Comisión Galega de Bioética

A confidencialidade é unha propiedade da información que pretende garantir o acceso a esta só as persoas autorizadas. Un contínuum é unha serie completa de algo, sen interrupción.

A unión destes dous conceptos, aínda que a priori parecen non ter nada en común, é indispensable, no que á relación clínica se refire, á hora de protexer da mirada allea e da intromisión doutros a información que nos desvelan as persoas pacientes ou usuarias. Refírome a que a confidencialidade da información debe ser unha calidade continua, sen interrupción nin fisuras, en ningún punto da cadea asistencial nin entre os eslabóns que a forman. A ruptura de esa continuidade, aínda que sexa minimamente e sen xustificación, bota por terra a calidade que a define, perde,

Bio+ ética



polo tanto, a súa esencia e pódelles provocar, ás persoas pacientes ou usuarias, danos totalmente irreparables.

O desenvolvemento da medicina e dos sistemas sanitarios comportou que os/as profesionais encargados/as dos cuidados da saúde-enfermidade da cidadanía sexan múltiples en número e disciplinas polo que a relación de confianza establecida conta cunha única persoa que necesariamente desempeña o papel de confiada, a persoa paciente ou usuaria, e múltiples confidentes necesarios, profesionais implicados directa ou indirectamente na asistencia, inimaxinables, nalgúns casos, para a persoa demandante de atención. Do mesmo xeito, os soportes nos que se reflicte a información tamén evolucionaron ata o punto de converterse practicamente en non perecedoiros, o que implica que a información biolóxica e biográfica sobrevive, con creces, á vida das persoas atendidas, podendo multiplicarse os accesos a ela a través do tempo, e seguir vulnerándose aínda que xa acaecese a morte da persoa. Os espazos onde pode ser necesario expor información confidencial tamén proliferaron e se especializaron, o que antes consistía en informar a un/unha profesional nun único lugar, deu lugar a unha peregrinación de confesións nos distintos espazos onde se atenden as persoas deixando patente de xeito continuo e explícito a súa intimidade e vulnerabilidade que os/as profesionais podemos amplificar poñéndoa máis ao descuberto en lugares inadecuados e, incluso, con axentes sen ningunha implicación na atención.

Esta continuidade, na sociedade informacional na que estamos inmersos, enténdese que é a única forma de que a confidencialidade realice a misión de ferramenta que garante o dereito á intimidade do que as persoas desexan protexer. Este garante proporcionaralles seguridade e calidade, non só científico-técnica senón tamén humana.

Diciamos que a confidencialidade é a calidade de aquilo que se di, se fai ou se intercambia nun marco de confianza, coa seguridade de que non será compartido

ética

fóra dese marco. E esa calidade da información, que información se posúe e a quen lla confiamos? Sen dúbida, a información que posúe, é a de carácter íntimo e polo tanto valiosa. Con respecto a con quen se comparte, calquera, sen pensalo moito, respondería que lla confiamos a quen desexamos facelo ou a quen consideramos confidentes. Pero, que sucede cando a información que temos que compartir escapa do noso desexo de facelo e entra en xogo a necesidade de proporcionala debido ao estado de vulnerabilidade que supón o enfermar ou a necesidade de coidados?

Evidentemente, temos que deixala en mans dos/das profesionais que nos atenden polo simple feito de ser profesionais e onde, nas relacións persoais, o peso da confianza recae nas persoas que voluntariamente eliximos, na relación clínica, o peso sobre o que recae é a profesionalidade e o saber facer dos profesionais. É un pacto implícito á relación mesma. Cuns obxectivos claros e contundentes por ambas as partes, no caso da persoa paciente ou usuaria, o de informar de xeito veraz de todos aqueles aspectos que puideran ser importantes para a súa saúde-enfermidade e no caso dos depositarios ou profesionais de utilizar esa información só para o fin para o que foi revelada.

O/a responsable de desencadear a relación de confianza, chamémolo/a confiado/a, é a persoa paciente ou usuaria, que polo mero feito de selo, eleva a confidentes os/as profesionais que o/a asisten directa ou indirectamente. Pero vaiamos máis alá, pasemos de ser suxeitos pasivos, no sentido de que o rol de confidente nos vén asignado pola relación asistencial mesma, e poñámonos en acción, converténdonos en cómplices, ata o punto de que lle deamos o mesmo trato á información das persoas pacientes ou usuarias como á propia. Se este tipo de relación, non ten garantía a priori, os/as profesionais perderemos, ao igual que as persoas usuarias ou pacientes, algo tan valioso como a lealdade. Lealdade para con nós mesmos como profesionais e para coa sociedade, a cal deposita a súa confianza en nós, co fin de mellorar a asistencia e os coidados requiridos.



ética

Ao lles garantir ás persoas pacientes ou usuarias, continuidade e respecto á confidencialidade é corresponder coa lealdade, equiparable á confianza depositada. Este deber profesional e dereito da persoa paciente ou usuaria de continuidade e respecto á confidencialidade, é o que nos levou a denominar esta primeira mesa “O contínuum da confidencialidade”, contínuum con dous polos, o compromiso dos profesionais e o beneficio das persoas que requiren asistencia, unidos por confluencias ético-xurídicas.

Apostemos e impregnémonos de valores de permanencia e continuidade, nun mundo repleto de caducidades, para coas persoas que nos informan sobre a súa vida e dalgún xeito se ven obrigados a deixarnos entrar nela.

Bio



▶ **9:00** → 9:15 INAUGURACIÓN

PRESENTACIÓN

A confidencialidade, desde a bioética, é máis que unha obriga e un dereito no Sistema Público de Saúde de Galicia

▶ **9:15** → 9:30

PRESENTACIÓN

▶ **9:30** → 10:45 Para que serve a confidencialidade?

CONFERENCIA

▶ *O continuum da confidencialidade*

▶ **15:30** → 16:30

PRESENTACIÓN

Intimidade e confidencialidade: obriga legal e compromiso ético. Documento estratéxico

▶ **17:00** → 18:45

MESA REDONDA

A confidencialidade na práctica: aprendendo cos comités de ética asistencial

▶ **18:45** → 19:30

SÍNTESE E CLAUSURA

SÍNTESE E CLAUSURA

ética

11:15 → 13:00
RELATORIO

A confidencialidade: compromiso asistencial

RELATORA → Mercedes Vidal Baamonde
Membro do Comité de Ética Asistencial do Complexo
Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Introdución

Nunha sociedade, na que cada día escoitamos reivindicacións de transparencia e do dereito a saber, o sistema sanitario debe enfrontar con decisión a tarefa de velar polo dereito que temos todas as persoas, a que non se vulnere a nosa intimidade difundíndolles a información que confiamos aos traballadores da sanidade.

O deber de gardar segredo, amplamente documentado historicamente e recollido nos códigos deontolóxicos de todas as profesións implicadas na atención sanitaria, convive hoxe co dereito á confidencialidade que temos recoñecido como usuarios do servizo de saúde. Como cidadáns non deberíamos transixir con que se vulnere a nosa dignidade cada vez que a confidencialidade se perde nos labirintos da asistencia sanitaria e como profesionais desta debemos pararnos a reflexionar sobre se na nosa práctica asistencial diaria temos a posibilidade de mellorar no respecto á autonomía das persoas que coidamos.

O sistema sanitario público é moi valioso e moi complexo, moitos espazos, moitas persoas, e moitas posibilidades de facer as cousas dun xeito ou doutro. Por isto é

Bio+ ética



tan importante que a Administración sanitaria, os traballadores e traballadoras e a cidadanía estean en sintonía. Debe existir como único obxectivo, acadar un servizo de alta calidade; e non se pode dar calidade asistencial sen asumir de xeito rigoroso que a confidencialidade constitúe un alicerce desta.

Moitos son os factores que están implicados na tarefa conxunta de respectar a confidencia e o segredo, moitas son as posibilidades de esquecelas ou de que non se dean as condicións necesarias que faciliten o noso compromiso; pero debера ter máis forza a nosa obriga de lealdade, coas persoas que nunha situación vulnerable buscan a nosa axuda, agardando non ter que deixar no camiño o seu dereito á intimidade.

Confidencialidade e intimidade

O significado da palabra intimidade foi mudando ao longo do tempo, referiuse á comunicación da alma con Deus nos séculos XVI e XVII, ás relacións amorosas ou “íntimas” nos séculos XVIII e XIX e non foi ata o século pasado cando se converteu nun dereito (no Estado español constitucional) intentando protexer do acceso público o íntimo (a vida privada, o domicilio, a correspondencia etc.) De todas formas, a intimidade é máis fácil describila que definila, porque cada persoa ten dereito a considerar íntimos os seus propios valores (autonomía) e de esixir que se respecten. Nesta esfera do íntimo atópanse os datos referidos ao corpo, á saúde, á enfermidade, á vida e á morte. A esta esfera íntima só se pode chegar co consentimento da persoa, que nos permite o acceso confiando en que a información facilitada non se divulgue e en que só a usemos para resolver o seu problema de saúde. Na actualidade enténdese que a relación clínica se basea na dignidade da persoa e no respecto á súa autonomía polo tanto, cada vez que rompemos o compromiso de confidencialidade estamos fallándolle á persoa que confiou en nós e poñendo en perigo a calidade da atención que queremos prestar. A confianza que o paciente deposita en nós debe ser correspondida coa lealdade.

ética

Ao falar de intimidade, dignidade e confidencialidade é imprescindible referirse aos espazos físicos nos que desenvolvemos o traballo. Cando se construíron a maioría dos hospitais e centros de saúde non se lle deu prioridade a facer posible gardar a reserva debida nas conversas que manteñen os pacientes co persoal que os atende. As cortinas que separan cubículos, non son paredes; as persoas que están compartindo habitacións escoitan e tamén escoitan as que fan cola diante dunha ventá. Se nas unidades non hai espazos definidos para dar información, temos que dala nun corredor? Se consentimos, sen máis, que o paciente asuma que a perda da súa intimidade é o prezo que ten que pagar pola asistencia, estaremos traballando moi mal. A Administración sanitaria debe poñer o mínimo necesario para facer posible o mantemento da intimidade na relación asistencial, e cando xa o fixera, poderá fixar obxectivos relacionados co cumprimento dos procedementos que defina ao caso. Dicindo isto non quero transferir a responsabilidade que temos individual e colectivamente, todos os traballadores do sistema sanitario, aos directivos deste. A min, ninguén me obriga a lle dar unha instrución a un paciente na sala de espera ou na porta da consulta por axilizar. É verdade que a persoa me pide esa intervención rápida pero eu debo ser consciente da miña responsabilidade, pedirlle que agarde o necesario e explicarlle as razóns do meu proceder. Todos e todas podemos facer algo transcendente para mellorar no mantemento da intimidade.

Non quero rematar este punto sen referirme de forma explícita á intimidade física nas exploracións, no aseo e nos coidados en xeral. Demasiadas veces esquecemos o pudor da persoa que pode sentirse avergonzada ao saberse observada por tanta xente descoñecida como presenza ou participa nos exames físicos. Diante disto, temos que informar o paciente de porque hai tanta xente, pedirlle o seu consentimento e saber que pode non dalo. Co aseo e en xeral con todos os coidados non podemos esquecernos de explicar o que imos facer e facelo seguindo os procedementos establecidos.

Ética

Confidencialidade e información

Conseguido un contorno de intimidade, teremos que manexar a información que o paciente facilita, e sen a que non poderíamos desenvolver o noso traballo, a que obtemos a través de análises, probas e exploracións, e a que temos que darlle para que coñeza a súa situación e poida decidir con autonomía. Tamén teremos que analizar con quen podemos compartir esta información e a quen lla podemos facilitar.

Temos que ter claro que o titular da información, de toda a información, é o paciente e sen o seu consentimento, ou da persoa que o representa, (se non é capaz,) non lla podemos facilitar a ninguén. Isto non significa que non se poida traballar en equipo e tampouco significa que non se poida tratar o caso nunha sesión clínica, ou con outro profesional. Sabido é, por todos e por todas, que estes encontros non se poden facer na cafetería, camiño do quirófano, no ascensor ou mentres se agarda o autobús. Os profesionais estamos obrigados a refrear toda divulgación da información obtida sobre un paciente e a procurar que esta información non sexa difundida inapropiadamente. A base desta obriga está na non maleficencia. Deberíamos informar o doente de que o seu caso vai ser consultado ou estudado fora do grupo que o atende habitualmente, tamén poderíamos ocultar os datos que non son relevantes para tratar o seu caso e ter así o consentimento tácito para levar adiante o noso plan de traballo sen violentar a súa intimidade.

A moitos de nós dános a sensación e temos a experiencia de que a comunicación co paciente e a súa familia non a facemos todo o ben que deberíamos. Esta impresión que podemos ter, cuantificouse a través do estudo publicado en 2011 “Cultura da confidencialidade nos hospitais do norte de España” no que participaron 9 hospitais, entre eles o de Valdeorras, o Meixoeiro e o CHUS. Comentar este artigo, que recomendo que revisedes con interese, podería ocupar toda a xornada, por isto só vou transcribir un parágrafo: “O 60.9% dos médicos acostuma a preguntarlles aos seus pacientes adultos se pode informar os familiares e se se trata de un

Bio+



diagnóstico grave, o 57.9 % recoñece que llo revela primeiro á familia. Un 65.7% das familias pide que non se lle diga a verdade ao afectado e un 41.7% dos médicos xeralmente acede a esta petición, a pesar de que un 76.2% opina que os pacientes adultos desexarían coñecer a verdade da situación”. Unha das conclusións ás que se chega neste artigo na discusión dos datos é que o médico e a familia marxinan o paciente instaurando a conspiración do silencio; que a persoa perde a saúde e o control sobre a súa vida; mentres outros deciden por el.

Sería moi importante que lles preguntásemos aos pacientes se queren ter ou non, a información do seu estado de saúde, que lles preguntásemos a quen queren que informemos, e cantos información quere que facilitemos. A toda a familia?, ao veciño que o acompaña e que se interesa por el?, á cuidadora que manda á súa casa o concello e que nos pregunta insistentemente? Tamén sería moi importante, e facilitaría moito o noso traballo, saber quen o representará na toma de decisións se el non quere ou non pode participar (registro na historia clínica ou documento de instrucións previas).

Consideración especial merece o tratamento da información en relación cos nenos, menores maduros e adolescentes. Teñen que ser considerados receptores da información e ser tratados con todos os dereitos se teñen capacidade de comprender. A lexislación é clara neste aspecto.

Danse moitas posibilidades de non gardar a confidencialidade no día a día da asistencia: cando nos preguntan que lle pasa a unha compañeira, cando se interesan por como está un familiar, cando alguén nos fala da saúde doutra persoa, cando falamos por teléfono, cando irrompemos nunha consulta, cando veñen buscar resultados, e de forma habitual cando os médicos teñen que dar informes en relación coas IT. O empresario ou a mutua non teñen dereito a coñecer o diagnóstico. O traballador pode ou non, autorizar que figure no formulario, e o médico non ten a obriga de aclarar ese punto.



Existen circunstancias nas que podemos pensar en non gardar confidencialidade da información da que somos depositarios. Isto acontece en tres supostos: cando existe risco de dano para o propio paciente, (persoas que valoramos que non teñen capacidade para coidarse soas), cando existe risco de dano para terceiras persoas (o paciente pode consentir ou opoñerse a que se informen as persoas que poden sufrir as consecuencias de gardar segredo) e por imperativo legal. Nos dous primeiros casos debemos buscar o consentimento e no terceiro informar o paciente desta obriga.

Confidencialidade e historia clínica

Ata aquí vimos como o deber de discreción e sixilo por parte do persoal sanitario se converteu en dereito de confidencialidade do cidadán e agora que os datos que nós manexamos son considerados “sensibles” e necesitan unha “especial protección”, entramos de cheo na historia clínica informatizada, o IANUS e o seu manexo.

Pero antes que o IANUS púxose en funcionamento nos hospitais o Programa de xestión de plans de coidados de enfermería GACELA, vencendo reticencias de enfermeiras e de médicos. As enfermeiras que contribuímos á súa introdución tiñamos claras tres cousas; que afianzaba a nosa profesión, que formaría parte da historia clínica integral do paciente e que o proceso de informatización era imparabile. Foi co GACELA cando empezamos a falar de claves de acceso, e de habilitacións para acceder a esta ou aquela unidade, e as enfermeiras empezamos a preguntarnos con rigorosidade que cousas tiñamos que escribir na historia de enfermería, porque quedarían gardadas e accesibles para sempre.

Chegou o IANUS e atopámonos cunha ferramenta moito máis potente que o GACELA, que evoluciona, que non se “parchea”, e que fai posible que desde calquera punto do sistema sanitario galego poidamos acceder a información confidencial de todas as persoas que teñen ou tiveron tarxeta sanitaria, ou foron atendidas na rede asistencial pública; vivas ou mortas. Facer bo uso da historia clínica é a nosa responsabilidade.

ca Bic

Entenden os pacientes o que é o IANUS? Teño as miñas dúbidas. Desde logo nos centros de saúde, onde cada día que facemos extraccións preguntan se xa se encargan de mandarlle o resultado da análise ao médico que llo pediu. Deberíamos explicarlles, de xeito que o entendan, que xa non existe fraccionamento, que todo está ao alcance de todas as persoas que teñen permiso para acceder á súa historia. Pero temos o permiso do paciente? Se lle explicamos ao paciente que vai existir un intercambio de información, que este é necesario para a súa atención, e que se producirá nun marco ético no que se protexerán os seus dereitos, non é necesario un consentimento explícito. Somos moitas esas persoas acreditadas e tamén diversos os niveis de acceso. Soamente coa continua formación do persoal en aspectos éticos, legais e de funcionamento do IANUS poderemos estar seguros de que non constitúe unha fenda na confidencialidade. Todos os traballadores do sistema temos que ter claro, que aínda que existen diversos niveis de acceso e manexo de datos confidenciais, todas as persoas que traballamos nos centros temos o mesmo nivel de obriga en relación coa confidencialidade. Sabémolo todas? Poderíasenos esixir ese compromiso de forma explícita? (cando se entre a facer prácticas, ou nos pregos das contratas, por exemplo).

Os pacientes saben que “agora, todo está no ordenador” pero realmente, todos e todas escribimos nas historias? que cousas escribimos? Pode ter acceso o paciente ás anotacións subxectivas que constan nela? Está claro que o paciente ten dereito a acceder á documentación que consta na historia clínica, pero este dereito non se pode exercitar en prexuízo do dereito que teñen terceiras persoas á confidencialidade dos datos que poden figurar, nin en prexuízo dos dereitos dos profesionais que podemos opoñernos a permitir o acceso ás nosas anotacións subxectivas. Temos que ser coidadosos co que escribimos e temos que selo especialmente no uso que lles podemos dar a esas impresións subxectivas redactadas por outros profesionais. Creo que o correcto é dicir: o uso que non podemos dar, e desde logo, unha vez lidas, temos que asumir que son confidenciais. Debería de existir (a norma xa existe)

Bio+ ética



un espazo privado, onde os profesionais puideramos deixar esas anotacións que tanto nos preocupan e tanto nos axudan ás veces, para entender o que lle pasa ao paciente e facer o seu seguimento (o *post-in* é insuficiente)

Conclusión

Nos últimos anos, son moitas as voces que se ergueron, os textos que se redactaron, os procedementos definidos e as normas legais que se publicaron no camiño de facer posible que a confidencialidade formara parte da cultura asistencial do sistema sanitario, pero é mais doado facer normas que interiorizalas e levalas á práctica. Aínda que todos sabemos da nosa obriga de manter a confidencialidade temos amplas posibilidades para mellorar.

ética

Bibliografía

- I**raburu M, Seoane JA, Gaminde I. Cultura de la confidencialidad en los hospitales del norte de España. *Medicina Clin (Barc)*. 2012;139(2):76-81.
- P**royecto Eurosocap. *Directrices europeas sobre confidencialidad y privacidad en la asistencia sanitaria*. Comisión Europea; 2006. [Acceso 5 de setembro de 2013]. Disponible en:
